

ATLETISMO EN PISTA - EQUIPOS

1. Datas e sede

A proba de equipos benxamín celebrarase o vindeiro 13 de maio e a alevín o 10 de xuño. Ambas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra.

2. Destinatarios

Esta actividade vai dirixida a: centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas e asociacións; interesados/as no atletismo.

3. Modalidades

Benxamín	Alevín
50 m.l.	60 m.l.
400 m.l.	500 m.l.
Salto de Lonxitude	Salto de Lonxitude
Salto Tesoira	Salto de Altura
Lanzamento Peso	Lanzamento Peso
Lanzamento de Pelota	Lanzamento de Pelota
Remudas 4x50 MIXTO	Remudas 4x60 MIXTO

3. Participación

Os equipos serán mixtos, cada entidade poderá participar con un máximo de dous equipos (equipo A e B). Os equipos estarán compostos por un máximo de 12 e un mínimo de 8 integrantes. Dos que como mínimo 4 serán rapaces e 4 rapazas. Cada equipo terá que presentar un participante por cada modalidade e de cada sexo. Cada atleta poderá participar nunha carreira e nun concurso como máximo.

4. Inscripcións

Ata o luns anterior á data de competicións ás 23:59 h. enviando a folla de cálculo adxunta por email a: deportes.vigo@xunta.gal. Haberá que indicar nome, apelidos, data de nacemento e entidade dos participantes (no caso de participar con máis dunha entidade por equipo indicar A ou B).

Poderanse realizar ata un máximo de tres cambios no día da proba, sempre e cando os nenos e nenas estean vinculados ao programa XOGADE.

6. Horarios provisionais

Equipos Benxamín	
Hora	Proba
17:30	50 m.l. BF
17:40	50 m.l. BM
18:00	Lonxitude Mixta
	Peso Mixto
18:30	400 m.l. BF
18:40	400 m.l. BM
19:00	Tesoira Mixto
	Pelota Mixta
19:30	4x50 mixto

Equipos Alevín	
Hora	Proba
17:30	60 m.l. AF
17:40	60 m.l. AM
18:00	Lonxitude Mixta
	Peso Mixto
18:30	500 m.l. AF
18:40	500 m.l. AM
19:00	Altura Mixto
	Pelota Mixta
19:30	4x60 mixto

7. Sistema de puntuación

Categoría	Benxamín Mixto				
	1	2	3	4	5
Proba/Puntos					
Lonxitude	≤1,99 m.	≥2,00 m.	≥2,35 m.	≥2,70 m.	≥3,05 m.
Tesoira	0,40 m.	0,60 m.	0,70 m.	0,80 m.	0,90 m.
Peso 1kg	≤2,99 m.	≥3 m.	≥4 m.	≥5 m.	≥6 m.
Pelota 200gr	≤10,99 m.	≥11 m.	≥14 m.	≥17 m.	≥20 m.

Categoría	Alevín Mixto				
	1	2	3	4	5
Proba/Puntos					
Lonxitude	≤2,39 m.	≥2,40 m.	≥2,80 m.	≥3,20 m.	≥3,60 m.
Altura	0,80 m.	0,95 m.	1,05 m.	1,15 m.	1,25 m.
Peso 2kg	≤3,99 m.	≥4 m.	≥5 m.	≥6 m.	≥7 m.
Pelota 300gr	≤10,99 m.	≥11 m.	≥14 m.	≥17 m.	≥20 m.

8. Dorsais

Os/as participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ter coma consecuencia a ausencia do/a deportista nos resultados finais.

9. Resultados

Haberá unha clasificación de equipos para cada categoría. A suma de puntos das diferentes probas será de acordo aos seguintes criterios:

- Nas carreiras:
 1. Establecerase dúas clasificacións (por sexo) de acordo cos tempos rexistrados por cada participante.
 2. O mellor tempo levará tantos puntos como equipos participen na xornada, entendendo dito número como “N”. O segundo levará $N - 1$ punto, o terceiro $N - 2$ puntos, e así sucesivamente ata o último tempo que sumará 1 punto.
 3. Sumaranse os puntos obtidos por ambos sexos e realizarase unha clasificación de maior a menor cantidade de puntos. Aquel que sume máis, asignaranselle N puntos, entendendo “N” como o número de equipos participantes. O segundo levará $N - 1$ punto, o terceiro $N - 2$ puntos, e así sucesivamente ata o último que sumará 1 punto.
- Nos concursos:
 1. Establecerase unha clasificación de acordo coa suma de todos os puntos acadados polos dous membros do equipo. Ordenando os equipos de maior a menor puntuación.
 2. O equipo con maior puntuación levará tantos puntos como equipos participen na xornada, é dicir, “N”; o segundo levará $N - 1$ punto, o terceiro $N - 2$ puntos, e así sucesivamente ata o equipo con menor puntuación que sumará 1 punto.

Resultará vencedor o equipo que máis puntos acade no conxunto de todas as probas.

10. Premios

Entregaranse medallas aos 3 primeiros equipos clasificados.

11. Desprazamentos.

No caso de precisar autobús, solicítalo, cunha antelación mínima de cinco días hábiles anteriores á data da proba no enderezo electrónico transporte-xogade.pontevedra@xunta.es Non será posible xestionar ningún transporte se a solicitude é posterior ao límite indicado.